

TEMA 1

CLIMAS DE ESPAÑA



FP BÁSICA 2022-2023

TEMPO ATMOSFÉRICO /CLIMA



TEMPO ATMOSFÉRICO

- Refírese ás condicións atmosféricas, temperatura, humidade, presión, etc. dun determinado momento e lugar.
- Os prognósticos meteorolóxicos que vemos na televisión, na internet ou escoitamos na radio son do tempo.
- Instantáneo, cambiante e en certo xeito irrepetible.

CLIMA

- Son os valores medios normais para unha zona co promedio das condicións meteorolóxicas recollidas durante grandes períodos de tempo (+ 30 anos).
- Máis permanente, duradeiro e estable.



ZONA CÁLIDA:

- Ecuatorial
- Tropical
- Desértico

ZONA TEMPERADA

- Mediterráneo
- Oceánico
- Continental
- Estepario

ZONA POLAR

- Polar

Alta montaña

ZONAS CLIMÁTICAS



ZONAS CLIMÁTICAS DO PLANETA

CLIMAS DE ESPAÑA

1. Mediterráneo de litoral ou costeiro.
2. Mediterráneo de interior ou continentalizado.
3. Mediterráneo árido ou seco.
4. Oceánico
5. De montaña
6. Subtropical



1. MEDITERRÁNEO DE LITORAL



- LUGAR: Desde costa de Cataluña ata Gibraltar e Ceuta, Melilla e illas Baleares.

- CARACTERÍSTICAS:

- Temperatura: Suaves todo o ano pola influencia do mar Mediterráneo.

- Precipitacións: Escasas e irregulares. Torrenciais en outono. Seca estival.

- PAISAXE:

- ✦ Vexetación: Folla perenne: Coníferas (piñeiro), matogueira, aromáticas como o romeu...

- ✦ Fauna: gato montés, lince ibérico, raposo, lobo... en extinción pola agresiva urbanización da costa.



2. MEDITERRÁNEO DE INTERIOR/CONTINENTALIZADO



- LUGAR: Meseta, depresión do Ebro e interior de Andalucía e Cataluña.

- CARACTERÍSTICAS:

- Temperatura: Verán superiores a 22° de media e invernos de 18,5° de media. Extremas, moi baixas en inverno e altas en verán.

- Precipitacións: Escasas, pero algo máis abundantes en primavera e outono. Poden ser en forma de neve. Máis seco que o mediterráneo de costa (400-650 mm)

- PAISAXE:

- ✦ Vexetación: Bosques de aciñeira, piñeiro, sobreira.

- ✦ Fauna: raposos, cabras montesas, aves rapaces, esquíos, coellos, cervos, oso pardo...



3.- MEDITERRÁNEO ÁRIDO/ SECO



- LUGAR: Almería, Murcia e Alacant.

- CARACTERÍSTICAS:


- Temperatura: En inverno máis cálidas que o mediterráneo litoral. Máis de 18° de media anual.

- Precipitacións: Moi escasas. Poden pasar ata 6 meses sen chuvia. 200-400 mm/ano.

- PAISAXE:

- ✦ Vexetación: matogueira, cactus, palmeiras...

- ✦ Fauna: Animais de pequeno tamaño: serpes, réptiles...



4.- OCEÁNICO



- LUGAR: Noroeste de España (Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco...)

- CARACTERÍSTICAS:

- Temperatura: Suaves pola influencia do océano.

- Precipitacións: Abundantes e regulares durante todo o ano.

- PAISAXE:

- ✦ Vexetación: Bosques caducifolios: faias, carballos, castiñeiros. Piñeiro por repoboación; eucalipto especie invasora.

- ✦ Fauna: Xabaril, raposo, corzo, cervo, coello...



5.- DE MONTAÑA



- LUGAR: Zonas de + 2.000 m altitude. Zonas de montaña: Pirineos, Teide, Picos de Europa...

- CARACTERÍSTICAS:

- Temperatura: Negativas. Invernos fríos e longos e veráns frescos e curtos.


- Precipitacións: Escasas en forma de chuvia en primavera e verán, de neve en inverno e en outono en zonas temperadas.



- PAISAXE:

- ✦ Vexetación: Escalonada en pisos: Bosques, matogueira, prados.

- ✦ Fauna: Aves rapaces (águia, falcón) carroñeiras (voitre), mamíferos como cabra montesa, osos, cervos, lince ibérico, raposos, lobos, lebres, xabaril, ...



5.- SUBTROPICAL



- LUGAR: Arquipélago das Illas Canarias.
- CARACTERÍSTICAS:
 - Temperatura: Suaves durante todo o ano, pola influencia dos ventos alisios. cálidas durante todo o ano (22° a 28° de media)
 - Precipitacións: Escasas e irregulares.
- PAISAXE:
 - ✦ Vexetación: Folla ancha, **drago**, folla perenne en zonas de gran altitude, palmeiras,...
 - ✦ Fauna: cabras, tucano ...

